



***INFORMACIÓN DO CRITERIO DA RENDA ANUAL PER CAPITA DA UNIDADE FAMILIAR E  
DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA***

Para a valoración da renda da unidade familiar terase en conta a declaración da renda do ano 2017. As familias interesadas deberán sinalar na solicitude a cantidad que resulte da suma da base imponible xeral e da base Imponible do aforro (casiñas 415+435) dividida entre o número de membros computables da unidade familiar referido ao 28 de febreiro de 2019.

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente ou parellas de feito inscritas no rexistro de Parellas de Feito de Galicia e por:

- Fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- Fillos/as maiores de idade discapacitados ou ncapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Fillos/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

Se o resultado é:

- |   |                 |
|---|-----------------|
| a) Inferior a 0,5 veces o IPREM ( <b>3.227,01€</b> ).....                                       | <b>3 puntos</b> |
| b) igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM ( <b>3.227,01 - 4.840,72€</b> )..... | <b>2 puntos</b> |
| c) igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM ( <b>4.840,72 – 6.454,03€</b> ).....      | <b>1 punto</b>  |
| d) igual ou superior ao IPREM ( <b>6.454,03€</b> ).....   | <b>0 puntos</b> |

Documentación a presentar:

Autorización expresa dos dous cónxuxes na folla 3 da solicitude para que a Axencia Tributaria subminstre a información á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. De non disponer de datos tributarios na Axencia Estatal de Administración Tributaria a familia interesada debe achegar unha certificación de haberes.